



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 208

Volume XLII

maio - xuño 2018



Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

Unha ollada á(s) nova(s) sensibilidade(s) espiritual(is)
por Ramón Cao Martínez 5

Creados por amor: a espiritualidade cristiá
por Andrés Torres Queiruga 25

Achegas

O templo baleiro
por Alicia Martínez Martínez 44

«Em tudo viver a bondade de coração...»
por Emilia e Mario 52

Zen, desde o corazón contemplativo
por www.rafaelredondo.com 60

Rede Miriam. Espiritualidade ignaciana feminina
por Inés Irene Abril Stoffels 73

Incitación á humillación
por Suso de Toro 78

En diálogo con Suso de Toro a propósito
de *Humildar. Rituais despois de Deus*
por Pedro Castelao 82

Fiesta aberta

Na escola dos pobres
por Xosé A. Miguélez Díaz 94



In memóriam

Xabier González Lamelas
por Ramón Cao Martínez 102

Documento

Sumando forzas por un traballo
decente. Manifesto ante o 1º de maio
por Documento Hoac 107

Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 111

Ilustracións

por Soedade Pite 65, 103



O que pretende este novo número de *Encrucillada* é tomarlle o pulso ás novas formas de espiritualidade que están cristalizando en occidente nas últimas décadas. De espiritualidade ou de relixión, ou de formas de procura da transcendencia que refugan todo intento de comprensión conceptual.

Xunto cun decaemento do sentimento de pertenza explícita á relixión tradicional e, en consecuencia, xunto a un abandono progresivo das prácticas sacramentais –vinculadas maiormente á eucaristía dominical– vivimos nesta segunda década do século XXI un curioso retorno dunha dimensión da vida –a dimensión relixiosa– que unha determinada liña da modernidade, e tamén a propia posmodernidade, deu por morta a finais do pasado século cando menos no avanzado occidente do planeta. Sinalando, ademais, que o proceso de secularización do occidente era a punta de frecha dun movemento global que, en breve, seguirían as outras latitudes do planeta ata chegar á extinción definitiva das relixións.

Lonxe de terse cumprido tal profecía o certo é que a socioloxía da relixión, sobre todo anglosaxoa, tense fartado de probar a súa falsidade. A relixión non desapareceu. Está nun período mundial de crecente expansión cunha altísima dose de mutación no occidente secularizado. Secularizado? Só superficial e socioloxicamente –principalmente nas elites con formación académica– porque o certo é que a masiva aparición de subprodutos de substitución da transcendencia en todos os estratos do corpo social poñen de manifesto unha moi mala asimilación do baleiro que deixou o abandono das formas tradicionais.

O caso é que hoxe en día non goza de prestixio social –como si o tivo no pasado– rezar, meditar a Escritura, celebrar os sacramentos ou participar activamente na dimensión evanxelizadora dunha comunidade como catequista. Pero si facer Zen, Yoga, ou frecuentar talleres de *Mindfulness*. Occidente corre o risco de cegarse coas luces do oriente por ter identificado coas tebras ao xudeo-cristianismo. Sucede mesmo na teoloxía, xa que tamén as motivacións máis fondas da non-dualidade nútrene de prexuízos ben pouco

críticos que logo lanzan contra unha tradición á que simplifican inxustamente para máis doadamente desbotala.

Dous estudos ben fundamentados poden axudar a facer claridade e entrar con fondura no problema. Tanto o de Ramón Cao coma o de Torres Queiruga. O primeiro como reflexión marco que insinúa distancia crítica nun achegamento cordial á novidade. O segundo como reflexión de fondo que dialoga positiva e construtivamente sen renunciar a sinalar límites nas posturas contrarias.

E logo temos un amplo abano de achegas que ilustran magnificamente o fenómeno do que estamos a falar. Cada unha coa súa particularidade. Coa súa riqueza singular. Temos aí o grupo portugués «Grao de Mostarda». Tamén a experiencia de Alicia Martínez, Rafael Redondo e Inés Abril. Todas diferentes. E todas vinculadas, ao mesmo tempo, pola procura de novos camiños de fondura e espiritualidade. O que inicialmente ía ser unha recensión sobre un libro de espiritualidade escrito por Suso de Toro publicámolo, finalmente, xunto cunha achega do amentado autor, como un diálogo cordial ao que invitamos ao novelista compostelán.

Outros traballos independentes, pero ben interesantes, como o documento da HOAC no día do traballo, completan un número no que estreamos, tamén, unha nova sección que desexamos perpetuar: a fiestra aberta. Lugar diáfano e franqueado que lle ofrecemos ao lector ou lectora para que atope nel anacos de vida, experiencias espirituais significativas, documentos breves en liña de reforma, ou outro tipo de materiais que, como o de X. A. Miguélez que tamén vai neste número, lle poidan ser de utilidade.

A rolda de Igrexa de Manolo Regal e un *In Memórium* escrito por Ramón Cao sobre Javier González Lamelas pechan un número que, xunto cos debuxos sempre suxestivos de Soedade Pite, agardamos que sexa de proveito.

Pedro Castelao